



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Medio histórico e xeográfico de Galicia e a súa didáctica		Código	652G02040
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas			
Coordinación	Bas López, María Begoña	Correo electrónico	begona.bas@udc.es	
Profesorado	Bas López, María Begoña	Correo electrónico	begona.bas@udc.es	
Web				
Descripción xeral	<p>A materia está orientada ao traballo experimental, activo e vivencial, de cara a descubrir e comprender o medio galego, como un recurso didáctico e como unha fonte versátil de aprendizaxe. Preténdese que o alumnado coñeza, deseñe e experimente con recursos, ferramentas e materiais didácticos que lle sexan de utilidade para a súa formación e para a aplicación no currículo de Educación Primaria.</p> <p>Preténdese fomentar a creatividade e a autonomía.</p> <p>Ensáiese, de maneira experimental, a metodoloxía de traballo por proxectos e centros de interese. Así, a materia vana definindo a propia dinámica do curso e os centros de interese do alumnado, polo que se trata dun programa flexible e aberto.</p> <p>Realízanse actividades interdisciplinares, obradoiros, saídas culturais, construcción activa de temas, etc.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Recoñecer no entorno xeográfico, histórico e cultural galego aqueles recursos metodolóxicos e didácticos mais axeitados para traballar a área do entorno social e cultural galego.	B1 B3 B13 B15 B21 B23	
Deseñar propostas didácticas sobre o contorno galego dende as perspectivas xeográfica, histórica e/ou cultural, de maneira interrelacionada.	A4 A5 A16 A17 A32 A37	B4 B5 B8 B9 B14 B22 B24
Coñecer e comprender algúns temas e momentos principais da evolución histórica de Galicia e a súa relación coa didáctica na Educación Primaria.	A31 A32 A33 A34	C1 C8



Coñecer e analizar os contidos referidos ao coñecemento do contorno do currículo de Educación Primaria: a realidade xeográfica, histórica, social e cultural de Galicia como un espazo dinámico.	A32 A33 A36	B25	
Fomentar actitudes de valoración, respeto e conservación do patrimonio natural, cultural e histórico de Galicia	A14 A34 A35	B6	C4 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Unidade 1: Introdución.	<ul style="list-style-type: none"> - Fundamentos da materia: que obxectivos nos marcamos? cales son os centros de interese?. - Contidos e metodoloxías: propostas. - A interdisciplinariedade e o traballo por proxectos na didáctica do medio xeográfico e histórico de Galicia.
Unidade 2. Temas de xeografía física e humana.	<ul style="list-style-type: none"> - O clima, o relevo, a auga, a flora, a fauna. - A poboación. - Acción humana no medio.
Unidade 3. Paisaxes naturais, históricas e culturais.	<ul style="list-style-type: none"> - Que é a paisaxe? - Iniciación á recolleita de información sobre a paisaxe a partir de imaxes, restos e reconstrucións arqueolóxicas, obras de arte e textos escritos. - Observacións e análise de paisaxes naturais, históricas e culturais. - As fontes de información e documentación no entorno.
Unidade 4. Evolución dende os primeiros poboadores de Galicia e as súa relacóns noutros contextos universais.	<ul style="list-style-type: none"> - Construíndo a prehistoria e historia de Galicia a través dalgúns períodos seleccionados dende os primeiros poboadores ate a actualidade. - A vida cotiá dende os primeiros poboadores. - A Arte e outras manifestacións da comunicación e da creatividade.
Unidade 6. Temas monográficos.	<ul style="list-style-type: none"> - Temas monográficos no discurso da historia e recursos para a didáctica. Nesta unidade trataranse cuestións concretas que ao longo do curso vaian xurdindo, motivadas polo interese que esperten os temas traballados, con especial atención ás propostas didácticas.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A4 B1	1	6	7
Aprendizaxe colaborativa	B5	3	9	12
Eventos científicos e/ou divulgativos	A17 B6	3	9	12
Saídas de campo	A33 A34 A35 B1 C4 C7	6	18	24
Proba obxectiva	A31 A32 B3 B13	1	3	4
Obradoiro	A14 A16 A37 B3 B4 B5 B8 B9 B14 B15 B24 B25 C1 C8	15	30	45
Sesión maxistral	A5 A31 A32 A33 A36 B21 B22 B23	6	0	6
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Actividades iniciais	Periodica e sistematicamente faranse debates e discusións de ideas previas sobre a motivación, interese e coñecementos con respecto á planificación e desenvolvemento da materia.
Aprendizaxe colaborativa	Organización en pequenos grupos para traballar conxuntamente na resolución de tarefas sobre temas que xordan da dinámica da propia materia e temas propostos pola profesora.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Realizarase algunha actividade tipo encontro, conferencia, charla, pequeno curso nas que o alumnado terá a oportunidade de actualizar os seus coñecementos e coñecer experiencias relacionadas co ámbito da materia.
Saídas de campo	Estas actividades permiten desenvolver as capacidades relacionadas coa observación directa cara á recollida de información do medio xeográfico e histórico galego para a percepción do seu potencial educativo e formador. Son saídas concibidas para o coñecemento do medio cultural no seu más amplio ámbito, por medio da aprendizaxe directa. As saídas poderán ser a contornos naturais de interese xeográfico, exposicións, museos, xacementos e centros do patrimonio, e teranse en conta as posibilidades e oportunidade para a súa realización.
Proba obxectiva	Ao ser unha materia de marcado carácter experimental, didáctico e de traballo colaborativo, realizarase un exercicio simple para que cada alumna/o responda de maneira individual a cuestións traballadas.
Obradoiro	Están concebidos como ensaios de experimentación de traballo por proxectos. Dado o carácter didáctico da materia, os obradoiros son de grande interese e son o núcleo central. Materialízanse en debates, exposicións, etc., deseñados e desenvolvidos polo alumnado guiado pola profesora.
Sesión maxistral	As explicacións teóricas referiranse ós contidos básicos que forman a estrutura de cada tema, cunha orientación didáctica principalmente. Realizarase co apoio de documentación específica e terá especial incidencia na metodoloxía e na práctica para a didáctica do medio histórico e xeográfico.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Aprendizaxe colaborativa	O traballo colaborativo e os obradoiros terán un seguimento personalizado para garantir o cumprimento dos obxectivos e prazos así como para resolver dúbidas.
Obradoiro	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	B5	Ao longo do curso realizaranse actividades e traballos que serán avaliados como grupo e individualmente.	20
Eventos científicos e/ou divulgativos	A17 B6	A asistencia será obligatoria e as alumnas e alumnos realizarán comentarios escritos acerca das actividades.	10
Proba obxectiva	A31 A32 B3 B13	Ao ser unha materia flexible que se vai construíndo segundo os centros de interese do alumnado guiado pola profesora, e de marcado carácter experimental, esta proba é un exercicio simple a modo de resumo individual do traballado durante o curso.	10
Obradoiro	A14 A16 A37 B3 B4 B5 B8 B9 B14 B15 B24 B25 C1 C8	O deseño, planificación e desenvolvemento dos obradoiros requieren unha participación activa do alumnado. Valorarase a actitude, dedicación, implicación e creatividade.	30
Saídas de campo	A33 A34 A35 B1 C4 C7	A asistencia será obligatoria e puntuará a participación activa, así como nas tarefas previas e posteriores ás mesmas.	30
Outros			

Observacións avaliación
Terase en conta a participación activa e dedicación, ademais da adquisición dos coñecementos propios da materia.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- AA.VV. ((1991-2008)). Galicia. Proxecto Hércules.. A Coruña: Hércules Editorial.- Cooper, H. ((2002)). Didáctica de la historia en la enseñanza infantil y primaria. Madrid: MEC-Morata- Armas Castro, X. coord. ((2002)). Ensinar Historia de Galicia.. Santiago: ICE- Pérez Alberti, A. ((2008)). Espacios naturales de Galicia.. Lundwerg- AA.VV. ((1999)). Atlas histórico de Galicia.. Vigo: Nigra Trea- Pazo Labrador, A. X. ((2007)). Nocións básicas de xeografía xeral física para mestres: as consecuencias xeográficas dos procesos naturais.. Vigo: Universidade- Méndez Fernández, L. ((2000)). Por que se chama así este sitio. Santiago: Lea- Castro, X. ((2007)). Historia da vida cotiá en Galicia. Vigo: NigraTrea- Andrade Cernadas, J.M. ((1995)). Didáctica de la H^a de Galicia. Tosoxoutos- Aldrey Vázquez, J.A., Lois González, R.C. ((2010)). Breve Xeografía de Galicia. Vigo: A Nosa Terra- Carballo, X. ((2007)). Arqueoloxía de Galicia. Itinerarios polo pasado.. Vigo: Nigra Trea- Villares, R. ((2004)). Historia de Galicia.. Vigo: Galaxia- Torres Santomé, J. et al., ((2002)). Ensinar historia de Galicia. Aspectos historiográficos e didácticos.. Santiago: Universidade- Rodríguez Troncoso, M. ((2005)). Historia dunha aldea galega. Coas mans encol do lume.. Vigo: Ir Indo- Villares, R., Armas, J., et al ((1990)). Historia de Galicia. Textos y materiales para su historia.. Barcelona: Crítica- Mariño, X.R. & González, X.M. ((2010)). Diccionario de etnografía e antropoloxía de Galiza.. Vigo: Nigratrea.- Egan, K. ((1991)). La comprensión de la realidad en la educación infantil y primaria.. Madrid: Morata- Egan, K. (2010). Learning in depth.. Chicago: The University of Chicago Press <p>Segundo avance o curso, iranse proporcionando outras fontes de información, ademais das bibliográficas que se irán incrementando. iranse incorporando artigos de revistas de autores como J. Prats, J. Santacana, J.M. Cuenca, F.X. Hernández, etc., publicados en revistas de didáctica das ciencias sociais e revistas de experiencias didácticas.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomienda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións
<p>&nbsp; Trátase dunha materia que se realizará principalmente cunha metodoloxía activa, na que a propia dinámica do curso irá sinalando os centros de interese do alumnado e, en base a estes, iranse concretando temáticas e actividades a realizar. Así, é necesaria a asistencia e participación activa tanto nas sesións maxistrais como nas sesións interactivas e en todas as actividades desenvolvidas no contexto da materia.</p>

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías